

XEOGRAFÍA MÍTICA DA PROVINCIA DE LUGO (I)

CEN LUGARES CON LENDA

Xoán Ramiro Cuba Rodríguez - Antonio Reigosa Carreiras

O LUGAR DA LENDA

Tódolos camiños deste vello país levan ó lugar da lenda. Non hai moito que andar para bater co recuncho mítico. A árbore, a pedra, a fonte, o castro, a medorra, a ponte, a igrexa, o cemiterio, a capela, a cruz de pedra, a lagoa, o río,

E no lugar da lenda nunca sabemos de certo que variada "familia" de habitantes do imaxinario imos atopar: encantos, mouros, mouras, señoritas, cobras, galiñas con pitos, animais fantásticos, tesouros que cobran vida, e plurais apariencias de trasnos, nubeiros, demos, ánimas, ...¹.

Veleiquí cen lugares, toponimia maior e menor, e, asentados neles, neses concretos solares, cento e pico lendas ou referencias lendarias que veñen de lonxe. Son cen froitos da transmisión oral que chegaron a nós en diferentes graos de integridade, ás veces non hai más ca un eco, eivado pola progresiva degradación e fragmentación do relato lendario. Pero entendemos que todos eles acobillan o valor en si mesmo de peza literaria única, e, ó tempo, fornecen o referente enriquecedor que axuda a comprender o entorno do noso extraordinario patrimonio histórico, artístico e mesmo natural; por desgracia, moi a miúdo tan degradado coma o propio relato lendario.

A maior parte destas narracions son inéditas e proceden do *Arquivo do Equipo Chaira*². Outros, en menor medida, foron tirados de bibliografía e

hemerografía á que na actualidade non é doado acceder, ben sexa pola antigüidade das edicións ou polo limitado da difusión das mesmas.

Unha boa parte das lendas que aquí presentamos, sempre fieis ó relato das fontes orixinais (orais ou escritas), anque minimamente reelaboradas, refírense a lugares pertencentes a concellos da Terra Cha: Vilalba, Begonte, Guitiriz, Cospeito, Xermade, Abadín, e o resto sitúanos noutras bisbarras e concellos da provincia, caso de A Pontenova, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Alfoz, Mondoñedo, ...etc.

Os relatos foron organizados alfabeticamente cun criterio exclusivamente xeográfico e referido ó lugar onde se desenvolve cada un deles. Este ordeamento inicial complétase cun índice de *Localización xeográfica*, por concellos e parroquias, e outro *Temático-Analítico*, pensados para facilitar un máis cómodo uso dos relatos que aquí se presentan.

ABELEDO. *Parroquia:* Abeledo. *Concello:* Abadín.

•¹ Aquí nesta parroquia houbo un cura que lle chamaban O Antoñanes. Un día presentouse unha tormenta e o cura, que estaba na casa rectoral, púxose a ler nun libro que tiña enriba da mesa do escritorio.

Lía de présa e suaba. E así estivo bastante tempo ata que, moi apurado, tivo que meterse debaixo da mesa, xusto a tempo para librarse dun coitelo grande que se chantou no medio e

medio da mesa.

De inmediato, a trebada foise indo e descargou no monte, onde non fixo dano a ninguén.

O coitelo mandárao o nubeiro, vencido polo esconxuro do Antoñanes.

Inf.: Francisco Pérez, O Carballo, Abeledo, Abadín, 15-11-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272010111).

AGROS, OS. *Lugar:* Os Agros. *Parroquia:* O Pereiro. *Concello:* Alfoz.

•¹ José Pedreira, Pepe dos Agros, tiña unha albarda feita de pelello de lobo. Ó anoitecer, poñíanselle os pelos tesos coma follas de navalla.

Bibliog.: Lence-Santar y Gutián, E.; "Folklore gallego", en *Mondoñedo*, 10-9-1944.

ALTO DA CORDA. *Parroquia:* Lagoa. *Concello:* A Pastoriza.

•¹ O carteiro de Lagoa levaba o correo desde Abadín a Lagoa. Un día, era amigo do viño e entretíñase nas tabernas, botóuselle a noite enriba e cando pasaba polo Alto da Corda de volta para a casa, deu en tronar e lostregar. O cabalo parou de repente:

¿Que coño pasa? ¡Arre, cabalo!

Nada. O cabalo non se movía. Baixouse e, ¿que pasara?; un raio cortáralle a cabeza ó cabalo polo pescozo.

Vai o home, colle a cabeza do cabalo do chan e colócalla no seu sitio. Montou e seguiu camiño de Lagoa.

Cando chegou á casa, daquela non había luz, quixo meter o cabalo na corte. E tiráballle do ramal:

<p>¡Arre, cabalo! Pero o cabalo non entraba. Andaba pero non entraba.</p>	<p><i>romances. Deputación provincial de Lugo, 1998.</i></p>	<p>Vilalba. •¹ O santo desaparecía da capela das Fontes, Gaibor, Begonte, e aparecía no monte, no lugar que hoxe ten a capela, en Xoibán. Levábano de volta e volvía a aparecer no lugar ata que que lle fixeron a capela e xa se quedou definitivamente. A xente das Fontes segue dicindo que lles roubaron o santo os de Xoibán, pero o padre Vicente, moi coñecido predicador cando as misións, dixo: "Argumentos; eso son argumentos. No hay tal cosa".</p>
<p>Pois que lle puxera a cabeza ó revés, co fuciño para riba e tropezaba no cargadoiro da porta.</p> <p>Inf.: Plácido Morado, Abesada, Abeledo, Abadín, 16-10-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272010037).</p>	<p>CAMPOSANTO, O. <i>Lugar: Campelias. Parroquia: Rioaveso. Concello: Vilalba.</i> •¹ Aquí estaba a cidade de Valverde, que foi asolagada. E no que hoxe é un prado que chaman O Camposanto, estaba o cemiterio desa cidade.</p>	<p>Inf.: Corsina Prado Río. Campelas, Rioaveso, Vilalba, 9-6-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272650077).</p>
<p>ARCA, A. <i>Lugar: A Arca. Parroquia: Montouto. Concello: Abadín.</i> •¹ Dicen que aí, non se sabe ben o sitio, hai enterrada a pel dun boi mouro chea de ouro. Debeu quedar de cando os romanos.</p>	<p>Inf.: Domingo Pardiño, A Vacariza, Montouto, Abadín, 24-1-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010157).</p>	<p>Inf.: Santiago Castro. Igrexa, Xoibán, Vilalba, 7-5-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272650028).</p>
<p>BELESAR. <i>Parroquia: Belesar. Concello: Vilalba.</i></p>	<p>•¹ O nome de Belesar vén de "Bel", que era un deus celta, e "Sar", que significa val. E por eso é Belesar o val dese deus dos celtas.</p>	<p>CAPELA DA MADANELA. <i>Parroquia: Conforto. Concello: A Pontenova.</i> •¹ Esta capela é moura; fixérona os mouros. ¿Non vés que está para debaixo da terra como as facían nesa época? Agora está enriba, vese enriba, pero hai que baixar tres pasos para entrar nela.</p>
<p>Inf.: Xosé Manuel Pardo Bello, Ponte Trimaz, Gondaisque, Vilalba, 5-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27265102).</p>	<p>Inf.: José Villar Rodríguez, Conforto, A Pontenova, 1996. (Arquivo E. CHAIRA: 272480417).</p>	<p>Bibliog.: Carnero, O., Cuba, X., Reigosa, A. e Salvador, M.; <i>Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances.</i> Deputación provincial de Lugo, 1998.</p>
<p>CAMPO DA MATANZA. <i>Parroquia: Conforto. Concello: A Pontenova.</i></p>	<p>•¹ Chámase Campo da Matanza porque alí houbo unha batalla cando botaron ós mouros de España. Os mouros estaban no castro (Castro de Vilar de Conforto), que aínda hai tres ou catro trincheras, e os españois estaban no lado de aló. Morreron moitos más españois ca mouros porque, claro, non tiñan onde abrigarse.</p>	<p>CAPELA DE SAN ANTONIO. <i>Parroquia: Abeledo. Concello: Abadín.</i> •¹ Alí chegou un señor, prendeu o cabalo ós ferros da ventá da capela e foi esconder un tesouro de ouro.</p>
<p>Inf.: José Villar Rodríguez, Conforto, A Pontenova, 1996. (Arquivo E. CHAIRA: 272480417).</p>	<p>Como aquel señor cando enterrou o tesouro tiña á vista o cabalo, dícese que ha ser destapado pola pata dun cabalo.</p> <p>Inf.: Plácido Morado, Abesada, Abeledo, Abadín, 16-10-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272010044).</p>	<p>CASE DABADE. <i>Parroquia: Arroxo. Concello: A Fonsagrada.</i> •¹ A esta casa (Casa do abade) venlle o nome de cando viviu nela un cura que fora castigado ó desterro polas señoras do Pazo de San Martín de Arroxo.</p>
<p>Bibliog.: Carnero, O., Cuba, X., Reigosa, A. e Salvador, M.; <i>Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances.</i> San Paio. <i>Parroquia: Xoibán. Concello: Vilalba.</i></p>	<p>CAPELA DE SAN PAIO. <i>Lugar: San Paio. Parroquia: Xoibán. Concello: Vilalba.</i></p>	<p>As señoras tíñano avisado de que non empezase a misa antes de chegaren elas á igrexa. Pero, un día, parece que o retraso era moito, o cura empezou a misa sen elas. O atrevemento valeulle irse vivir a "onde non oíse can ladrar, gato maullar ou galo cantar".</p> <p>Inf.: Antonio Fernández Fernández, O Castro, Arroxo, A Fonsagrada, 30-9-1998.</p>



Fig. 1.- Castro de Codesido

CASTELO DE FANOI. *Parroquia:* Fanoi. *Concello:* Abadín.

•¹ Nas penas do Castelo de Fanoi, na cara do sol, hai un tesouro enterrado.

Inf.: Concepción do Lamela, O Celeirote, Fanoi, Abadín, 4-12-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272010131).

CASTRO DA IGREXA. *Parroquia:* Cazás. *Concello:* Xermade.

•¹ Quen consiga descifrar unha inscrición que hai no Castro da Igrexa facerá saír unha galiña con pitos que pón os ovos de ouro.

Bibliog.: Alumnos do Colexio Público de Xermade, *Xermade, o meu pobo*, Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, Pontevedra 1994.

•² Despois de perder unha batalla, os mouros deixaron enterrada no Castro da Igrexa unha trabe de ouro.

Bibliog.: Alumnos do Colexio Público de Xermade, *Xermade, o meu pobo*, Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, Pontevedra 1994.

CASTRO DE ABUÍME. *Parroquia:*

Abuíme. *Concello:* O Saviñao.

•¹ Unha nena andaba co gando polo monte e chamoua unha moura. Pediulle que a peitease e que lle catase os piollos, pero advertiuille:

¡Ten man; volve a testa ó tusir, que se me cuspes, vólvome cristinal!

Bibliog.: Risco, V.; "Da mitoloxía popular galega. Os mouros encantados", en *Nós*, nº 43, p. 11, 25-7-1927.

CASTRO DE ARROXO. *Lugar:* O Castro. *Parroquia:* Arroxo. *Concello:* A Fonsagrada.

•¹ Tamén chamado Castro de Marful ou Marfullé.

Ó norte dun penedo que hai na croa do castro hai un tesouro de ouro. No lugar aproximado onde debera estar o tesouro hai un penedo cunha entrada de cova. Entra un pedacío unha persoa de pé pero despois o burato baixa e ninguén se atreve a ir ver que hai.

Hai anos, nas fincas da Gamalleira, no mesmo castro, un arado descubriu un recipiente de barro de colo estreito. Romperon e estaba cheo dun pó que

ó poñelo ó sol, brillaba que cegaba. Dicen que era ouro moído.

Inf.: Antonio Fernández Fernández, O Castro, Arroxo, A Fonsagrada, 30-9-98.

CASTRO DE BARONCELLE. *Parroquia:* Baroncelle. *Concello:* Abadín.

•¹ No castro de Baroncelle, ou nos arredores, hai unha escada de ouro. Cando éramos mozos e facíamos algúns traballos por alí, sempre había algúns que nos dicían:

¡Ai, ho, a ver se encontras a escada de ouro!

E ríamonos.

Tamén hai un boi enterrado polos mouros. Aquí dícese que os castros que os fixeron os mouros pero eu creo que foron os celtas.

Inf.: José Florencio Rodríguez, Baroncelle, Abadín, 20-10-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272010068 e 272010069).

CASTRO DE BELESAR. *Parroquia:* Belesar. *Concello:* Vilalba.

•¹ Hai un castro en Belesar con historias de mouros e un baúl enterrado cheo de riquezas para quen o atope.

Inf.: Xosé Manuel Pardo Bello, Ponte Trimaz, Gondaisque, Vilalba, 5-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27265101).

CASTRO DE CODESIDO. *Parroquia:* Codesido. *Concello:* Vilalba.

•¹ Desde o castro ese que hai, que agora xa pouco queda, dicían que había un túnel, un camiño cuberto, para baixar os mouros a beber e dar de beber ós mulares que tiñan a un rego que se chama o Rego da Pipa e que ninguén lles fixese mal.

Deso hai moitos anos e da igrexa, que está no circundo do castro, ó Rego da Pipa inda hai alomenos setecentos metros.

Inf.: Heliodoro Rodríguez, Cartín, Tardade, Vilalba, 4-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27065049).

•² Aí dicían que antiguamente que había uns mouros; que vivían uns mouros aí.

Inf.: María Antonia García Purriños, Torre, Codesido, Vilalba, 6-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27065142).

CASTRO DE DONALBAI. *Parroquia:* Donalbai. *Concello:* Begonte.

•¹ Do castro saíron tres irmáns que se chamaban Grandeu, Albai e Senén. De aí virá Dongrandeu, un barrio, Donalbai, o outro e Senande, o outro. De aí virá Donalbai.

Inf.: María Silvarrei, Donalbai, 22-10-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27207005).

•² Aquí (no castro) eran tres irmáns: Don Álvaro, Don Grandeu e Don Senande. Don Grandeu quedouse cun barrio que hai, que se chama Dongrandeu, que está despois das Penas dos Mouros. Don Albai é esto, que agora escribese Donalbai, e Senande é na parte de alá.

Inf.: Darío (pedáneo), Donalbai, 22-10-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27207004).

CASTRO DE GONDAISQUE. *Parroquia:* Gondaisque. *Concello:* Vilalba.

•¹ Contaba que no castro ó mencer saía unha galiña con pitos nunha fonte grande que hai alí no centro; nunha fonte que nunca seca. Despois desaparecía todo. Tamén foi un castro de mourería.

Inf.: Rosa Millor Naseiro, Trimaz, Gondaisque, Vilalba, 6-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27265123).

•² Ó pé do castro de Gondaisque, coñecido tamén como Castro Grande

ou Cunca do Castro, sitúan os veciños do lugar a poboación asolagada de Eimil. En días de moito sol áinda poden verse nunha charca as torres do campanario da igrexa somerxida.

Bibliog.: Pernas Bermúdez, M^a Carmen, "Unha cita obrigada para os amantes da prehistoria", en *El Progreso*, 31-8-1997, p. XX, suplemento especial "Vilalba".

CASTRO DE LADRA . Parroquia: Ladra. *Concello:* Vilalba.

•¹ Un home atopou unha tesoura de ouro. Uns descoñecidos petáronlle á porta á media noite e pedíronlla, e el deullela por debaixo da porta, sen abrir

Comunica cos castros de Boizán e Soamede por un túnel que hai por debaixo da terra.

Inf.: Dolores Vigo. Granda, Xoibán, Vilalba, 7-5-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272650024).

CASTRO DE XOIBÁN. *Parroquia:* Xoibán *Concello:* Vilalba.

•¹ Hai un barril de ouro que ha descubrir un touro cun corno.

Inf.: Antonio García del Monte. Igrexa, Xoibán, Vilalba, 29-4-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272650001).

•² Neste castro viviron os celtas. Cando as mulleres ían ter un neno, eran os homes os que sentían as dores do parto. Metíanse na cama e os veciños estaban obrigados a levarllles larpeiradas (A covada).

Inf.: Santiago Castro. Igrexa, Xoibán, Vilalba. 29-4-93. (Arquivo E. CHAIRA: 272650006)

CASTRO MORGADÁN. *Lugar:* Castro. *Parroquia:* Morgade. *Concello:* Carballedo.

•¹ O castro Morgadán ten vintecinco á súa man;

só o da Madanela
lle dá pola barbadela.

• Úneno ó castro de Santa Ádega tres trabes; unha de ouro, outra de prata e no medio outra de alcatrán. O que lle toque á de alcatrán morre abrasado.

• Antes de ir na procura do tesouro que hai alí agachado, os veciños do castro consultaron cos sabias de Albán, A Peroxa, e coa de Torbeo, Quiroga. A de Albán dixo:

Hai un gran tesouro, mais non se poderá dar con el se non se desencanta a unha moura coxa que alí vive.

A sabia de Torbeo resolveu:

O tesouro é unha trabe de ouro que non se podrá atopar se non se desencanta primeiro a unha cobra que vive no castro. Hai que levar un crego que bote os exorcismos e despois cavar ata atopar a cobra. Cando apareza hai que bicala na testa e xa queda desencantada.

• O Carlote de Casares, veciño do Lugar, entrou en conversa con dous señores nunha taberna en Portugal. En canto souberon de onde era, dixéronlle:

Val más este castro ca toda Europa. Só na entrada hai dous xigantes de ouro de nove pés de alto.

• Un soldado da comarca estando prisioneiro dos rifeños en África, escoitoulle dicir a un dos que o gardaban:

JDe lo mucho que hay allí me contentaba yo con la silla del rey moro!

Bibliog.: Seminario D'Estudos Galegos. Sección de Prehistoria, "Catálogo dos castros galegos", en Nós, nº 47, p. 11-12, 15-X-1927.

CASTROMAIOR. *Parroquia:* Castromaior. *Concello:* Abadín.

• Eu non poido dicir o sitio exacto

pero na parroquia de Castromaior dicía meu pai que había , e el sabía o sitio, o campanario dunha igrexa soterrado e ainda se vía. Agora hai unha lagoa.

Inf.: Ana M^a Bello Pardo, Ponte Trimaz, Gondaisque, Vilalba, 5-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27065093).

CICALLÓN. *Lugar:* Cicallón . *Parroquia:* Quende. *Concello:* Abadín.

•¹ A miña avoa atopou un año no Cicallón. Colleuno ó lombo e levouno para a casa pero no camiño mexou por ela. Cando chegou deixouno entre as ovellas e, falando, dixo:

Ai, Jesús mío, ¿de quen será este año?

Ó dicir esto o año desapareceu.

Era o trasno. Chamábanlle o trasno cazoleiro porque se metía onde tiñan as cazolas e rompialles os pratos, rompíalles todo.

Inf.: Rodolfo Caballero, A Xesta, Quende, Abadín, 21-1-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010150).

CORREDOIRA VELLA. *Lugar:* Vilar da Igrexa. *Parroquia:* Samarugo. *Concello:* Vilalba.

•¹ Dicían que había un encanto aí nun sitio que lle chaman a Corredoira Vella. Ese encanto ía á auga á Ponte Golmar e tocaba a gaita de noite.

Ia sempre polo mesmo camiño, polo Vilar da Igrexa, e nese camiño coñéciase a terra moito más branca. Dicían que por onde branqueaba a terra era por onde ía o encanto á auga á Ponte Golmar.

Agora xa non hai sinal de todas esas cousas.

Inf.: Angel Carballeira, Cornas, Samarugo, Vilalba, 6-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27065129).

COSTA DOS MOUROS. *Parroquia:*

Rececende, S. Xoán. *Concello:* A Pontenova.

•¹ Chámase a Costa dos Mouros porque acamparon alí os mouros. O cabalo dun daqueles mouros, ó tropezar nunha pena, caeu por un barranco e rinchou potente, tanto que alertou a toda vecindade que correu refuxiarse á Cova das Augas Santas. Desde entón e ainda agora hai xente que escoita de noite o rinchar daquel cabalo, anque xa non acampan os mouros na Costa dos Mouros.

Inf.: José Antonio Alonso González, Rececende (S. Xoán), A Pontenova, 1996. (Arquivo E. CHAIRA: 272480011).

Bibliog.: Carnero, O., Cuba, X., Reigosa, A. e Salvador, M.; *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances.* Deputación provincial de Lugo, 1998.

COVA DAS AUGAS SANTAS. *Parroquia:* Rececende, S. Xoán. *Concello:* A Pontenova.

•¹ Cova que hoxe ninguén sabe onde ten a entrada e pode que fose tapada. Debeu ser o primeiro lugar onde houbo imaxe de S. Xoán, patrón da parroquia. Cántase que nesta cova foi onde se refuxiaron os nativos cando chegaron os mouros á Costa dos Mouros, alertados polo rinchar dun cabalo (Véxase Costa dos Mouros).

Sendo mei pai moi neno, acompañou a unha muller, parente nosa, que viña co seu filliño tullido das pernas á Cova das Augas Santas. O meu pai levaba unha vela e tiña que procurar que non se lle apagase senón a curación xa non era posible.

Inf.: José Antonio Alonso González, Rececende (S. Xoán), A Pontenova, 1996. (Arquivo E. CHAIRA: 272480003 e 272480004).

Bibliog.: Carnero, O., Cuba, X.,

Reigosa, A. e Salvador, M.; *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances.* Deputación provincial de Lugo, 1998.

COVAS DE CASTAÑEDO. *Lugar:* Castañedo. *Parroquia:* Castañedo. *Concello:* Navia de Suarna.

•¹ Do lugar de Río de Piñeira desapareceu unha moza sen que ninguén soubese como. Ó cumprírense sete anos, os veciños de Río de Piñeira sentiron o cantar dunha moza. Viña do lado das Covas de Castañedo, e dicía:

*Rapaciñas de Río de Piñeira,
siete moritos me tienen aquí;
hace siete años, tengo siete hijos,
todos son muy guapos,
todos están alrededor de mi.*

Fórона buscar e trouxérona para a casa. Dos fillos e dos "moritos" non se sabe que foi.

Inf.: Antonio Fernández Fernández, O Castro, Arroxo, A Fonsagrada, 30-9-1998.

COVAS DE CHAO DE SAVANE.

Lugar: Savane/Castro. *Parroquia:* Lamas de Moreira/Arroxo. *Concello:* A Fonsagrada.

•¹ Andaban coa facenda por alí e caeulles un can pola boca dunha cova. Xa non o volveron a ver pero, ós poucos días, sentiron ladrar un can mesmo debaixo da pedra da lareira dunha casa das Veigas, en Lamas de Moreira. Hai cousa duns catro ou cinco quilómetros.

Inf.: Antonio Fernández Fernández, O Castro, Arroxo, A Fonsagrada, 30-9-1998.

CROA DE ZOÑÁN. *Lugar:* Zoñán.

Parroquia: Os Remedios. *Concello:* Mondoñedo.

•¹ Neste castro apareceron moitas cousas: un puñal, cachos de barro,

muíños, moedas e unha ola de barro tan grande que collía unha persoa dentro dela.

A principios dos anos vinte os nenos da escola de Zoñán foron celebrar os Maios a Mondoñedo e levaron dentro da ola de barro unha nena duns doce anos. Despois quedouse con ela un de Mondoñedo e xa non se soubo máis da ola.

No castro vivían os mouros. Había un túnel desde alí ó rego de San Cristovo para que os mouros levasen os cabalos beber. E hai, soterrado, un xogo de bolos, con lastra e todo, feito de ouro. Cando trona dise que están xogando ós bolos os mouros do castro de Zoñán.

Inf.: Xusto Carreiras Ledo, Zoñán, Os Remedios, Mondoñedo, 20-3-1995.

CRUCEIRO DE FONTEFRÍA. Lugar: Fontefría. Parroquia: ?. Concello: Begonte.

•¹ En Fontefría hai un cristo (cruceiro) porque alí morreu un neníño, no medio daquelas veigas. Estaba alindando as vacas e veu unha chispa e matouno.

Inf.: Josefa Millor Naseiro, Pumariño, Gondaisque, Vilalba, 6-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27065126).

CRUCEIRO DE FROMARIZ. Lugar: Fromariz. Parroquia: Moncelos. Concello: Abadín.

•¹ Puxeron alí aquel cruceiro porque aparecían alí unha vaca con sete becerros, unha cocha con oito ranchos, gatos que se enrodelaban nas pernas, que sei eu. Desde que hai o cruceiro, acabouse.

Inf.: Constante Villamel, Terraxís, Moncelos, Abadín, 16-10-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272010012).

FERROEDO. Lugar: Ferroedo. Pa-

rroquia: Abuíme. Concello: O Saviñao.

•¹ Nesta mámoa está enterrado un mouro cun grande haber. Cando uns homes foron cavar para sacar o tesouro, as almas dos mouros baixaron das nubes con moito estrondo de tronos e raios.

Bibliog.: Risco, V.; "Da mitoloxía popular galega. Os mouros encantados", en *Nós*, nº 43, p. 11, 25-VII-1927.

FONTE CEGA. Lugar: Casanova. Parroquia: Quende. Concello: Abadín.

•¹ Viron saír da fonte unha galiña con pitos, e cando sae a galiña, sae a auga coma leite; parece leite.

Inf.: Rodolfo Caballero, A Xesta, Quende, Abadín, 21-1-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010149).

FONTE DA NIVEIRA. Lugar: Zoñán.

Parroquia: Os Remedios. Concello: Mondoñedo.

•¹ Tense visto andar un encanto por encima da pena que hai ó lado da fonte. Facía lume e tocaba a gaita.

Inf.: Xusto Carreiras Ledo, Zoñán, Os Remedios, Mondoñedo, 10-5-90.

FONTE DA PERDIZ. Parroquia: Santalla de Pena. Concello: Begonte.

•¹ Dous rapaces da casa de Fro viñan de noite de ver dúas mozas e cerca da fonte que chaman da Perdiz, nunha finca de centeo sentiron unha cousa rara. Eles pensaron se sería un encanto. Aquelo insistía, veña pola finca adiante, rego vai e rego vén. Eles non sabían moi ben o que era pero por encanto "*lo trataban*".

Encanto, ¿que es que nos querías?

Entónceas viron que era un can que tiña un axóuxere precioso amarrado no pescozo e o can seguía correndo, indo e vindo. Cando se achegaba, falábanlle:

Encanto, ¿que nos querías?

Dunha vez dixerón :

Esto é un encanto que nos apareceu aquí. Vámossle pedir que se é un encanto que se presente a nós.

Pero sentían tocar o axóuxere e non vián nada. Despois o can achegouse e eles trataron de agarimalo pero non lles esperaba; deu en correr e eles foron tras del. O can parou nunha casa.

Os rapaces chamaron á porta:
¡Vostedes saben que teñen..., esto?

Non.

¿Nin coñecen este can?

Non.

Pois este é un encanto que atopamos nosoutros.

Saíu unha señora que había na casa e di:

¡Vaia, vaial!, doux rapaces tan novos e que axiña encontraron os encantos.

E a vostede, señora, que ten experiencia de algo, ¿que lle parece?

E di ela:

Pues eso es una cosa buena, hombre; una cosa buena.

Eles marcharon e pareceulleas oír así como unha música, de noite. E íanse achegando a ela e non vián nada.

Pasou e outro día, de alí a pouco, viñan do traballo e na Fonte da Perdiz pararon a coller auga. Pois na mesma fonte sentían tocar eles aquela orquestra. Dicían eles:

¡Estamos encantados! ¡Estamos en gracia de Dios! ... ¡Oír esto!

E cada vez que os rapaces ían á fonte sentían a música e ían os demás e non sentían nada.

Inf.: Evangelina Lage Campo, A Chafareta, Baamonde, Begonte, 3-11-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272070012).

FONTE DO XISTRAL. Parroquia:



Fig. 2.- Fonte dos Caxigos (Abeledo, Abadín)

Montouto. *Concello:* Abadín.

•¹ Nesta fonte nace o río Eume e vianse alí unhas señoritas peiteándose; encantos lles chamaban. Seguro que saíran do pobo que se afundiu na Veiga do Real (Véxase Veiga do Real).

E estes encantos tiñan un cadelo, un cerruliño moi guapo, que pillaba as ovellas e tirábaas nun pozo que hai no Real (Véxase Pozo do Real).

Inf.: Carmen Pallares, Cabanapallaza, Montouto, Abadín, 24-1-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010155).

FONTE DOS CAXIGOS. *Parroquia:* Abeledo. *Concello:* Abadín.

•¹ O Benjamín pasaba polo camiño a carón da fonte e sentiu coma unha orquestra tocando alí no ribeiro mesmo:

¡Caral! ¿Esto que é?

Non viña nada pero sentía a música que viña de debaixo da terra. Nesto, a música parou e saiu un bicho, un bicho pequeno, pouco más ca un gato, que viña cara el.

O Benjamín colleu medo e botou a correr. Era costa arriba e o bicho seguía tras del. Pero Benjamín corría

máis e o encanto cansou. Parou de correr e berroulle:

¡Vaia, home! ¡Eu estaba encantado aquí e tu podíasme desencantar! ¡Se esperaras e falaras comigo podíasme desencantar, pero así...!

Así o contou O Benjamín. El seguiu correndo e non fixo caso do encanto. E agora xa non llo pode contar a ninguén, que o enterramos a semana pasada.

Inf.: Anselmo Canto, As Goás Abadín, 2-11-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272010091).

FONTE DOS GOLPES. *Parroquia:* Fraíás. *Concello:* Abadín.

•¹ Din que sae unha galiña con pitos.

Inf.: Atilano Gonzalo e Josefa Bouza, Fraíás, Abadín, 3-93. (Arquivo E. CHAIRA: 272010224).

FONTE NOVA. *Lugar:* A Parrocha. *Parroquia:* Nete. *Concello:* Vilalba.

•¹ Ían de noite por auga á Fonte Nova. Levaban un caldeiro grande e traguíanolo entre dous nunha panca. Pois tódalas noites, desde que enchían a auga, viña o trasno, metíase no cal-

deiro, batuxaba ata mollalos de arriba a abaixu e íase.

Inf.: Jesús Prieto Trastoy, Ladra, Rioaveso, Vilalba, 28-6-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272650093).

FONTE POMOROSA. *Lugar:* A Calzada. *Parroquia:* Samarugo. *Concello:* Vilalba.

•¹ Sendo eu un neno viña co meu irmán de Campo Toxeiro e aí á Calzada, nun sitio que lle chaman a Fonte Pomorosa, atopámonos cunha galiña e cunha niñada de pitos. E nosoutros empezamos a acurrar neles dun lado para outro:

Oes, se os poideramos coller levábamoslle a mamá estes pitos.

Pero non foi posible; escaparon para a fonte e todo quedou alí escondido.

Dicían que era un encanto e houbo quen o viu despois máis adiante. Nosoutros, éramos inocentes áinda, moito corremos e canto escalamos despois na fonte a ver se o encontrabamos. E nada.

Inf.: Angel Carballeira, Cormas, Samarugo, Vilalba, 6-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27065128).

IGREXA DE VILARENTE. *Lugar:* Seivane. *Parroquia:* Vilarente. *Concello:* Abadín.

•¹ Desde a igrexa de Seivane hai unha escalaera que chega á igrexa de San Martiño dos Cucos e ó *Castelo de Meira*.

Inf.: Lidia Iglesias, O Carballo, Abeledo, Abadín, 15-11-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272010110).

LAGOA DE COSPEITO. *Parroquia:* Santa Cristina. *Concello:* Cospeito.

•¹ Un señor que andaba pedindo esmola non encontrou en toda a vila de Villaverde quen lle dese pousada.

Entón foi pedila á casa máis pobre. Como non tiñan que darlle de comer mataron a única becerra que tiñan.

Despois da cea aquel señor mandoulle á señora da casa separar os ósos pequenos dos grandes e pola mañá mandoulle que fose dar de comer ó gando que tiña na corte.

Pero, ¿como lle hei dar de comer se a única becerra que tiña matámola para ceiar?

_ Vaia, señora, que é tan certo que ten vacas e becerros na corte como que a vila de Villaverde está inundada.

Todo era verdade

Inf.: Dolores Vigo. Granda, Xoibán, Vilalba, 7-5-93. (Arquivo E. CHAIRA: 272650021)

un veciño desta parroquia, se queimaban loureiro enriba dela, estouraba e regañaba coma rindo. Só cando queimaban loureiro.

Bibliog.: Lence-Santar y Gutián, E.; "Folklore gallego" en *Mondoñedo*, p. 3, 15-4-1945.

MATO. *Lugar:* O Mato. *Parroquia:* Pino. *Concello:* Cospeito.

•¹ Neste lugar estaban desfacendo unha parede do cerre dunha finca e encontraron un papel que dicía: "*En esta pared hay oro*". Desfixeron e desfixeron, pero o ouro non apareceu.

Inf.: Santiago Castro, Igrexa, Xoibán, Vilalba, 7-5-93. (Arquivo E. CHAIRA: 272650026).

MOLMEÁN. *Parroquia:* Mosteiro. *Concello:* Navia de Suarna.

•¹ Neste lugar había a estatua dun mouro. Tiña un brazo estirado e cun dedo apuntaba nunha dirección que, segundo un letreiro que tiña colgado, debía haber un tesouro.

"*Onde apunta o mouro.*

alí está o tesouro"

Moito buscaron na parte do monte onde crían que apuntaba o mouro. Ata que un dos buscadores, canso de non atopar nada, colleu unha marra e esnaquizou a estatua do mouro. E dentro, nun cofre, seica, estaba o tesouro.

Inf.: Antonio Fernández Fernández, O Castro, Arroxo, A Fonsagrada, 30-9-98.

MONTE DAS CARGAS. *Parroquia:* Moncelos. *Concello:* Abadín.

•¹ Tamén se lle chama castro de Moncelos.

Aquí estiveron os árabes e os romanos. Apareceron moedas romanas selladas de Marco Antonio. Cando vivían aquí os árabes levaban beber os

caballos ó río por esa furada que hai á beira do castro.

Dicían que había pepitas de ouro. E hai enterrada unha escada de ouro. Moito levan furado pero non a atopou ninguén.

Inf.: Constante Villamel, Terraxís, Moncelos, Abadín, 16-10-92. (Arquivo E. CHAIRA: 272010014).

MOSTEIRO DE SAMOS. *Parroquia:* Samos. *Concello:* Samos.

•¹ Os frades tiñan o *Libro de San Cipriano* e léndoo fixéronlle carretar ó demo de noite toda a pedra que fixo falta para a construción do convento.

Inf.: Revista *Nós*, nº 2, p. 16, 30-10-1920.

MUÍÑO DE QUENDE. *Parroquia:* Quende. *Concello:* Abadín.

•¹ Esto pasou no muíño de Quende. Antoña e Josefa de Amorós foran moer un ferrado de trigo, ou centeo. Puxeron o muíño a andar e cando estaban agardando pola fariña, presentouse un niño:

¡Ai, mira este niño, que o debeu deixar a ovella!

Collérono e envolvérono no mantelo. E, o año, xa ora, estando así quentíño, mexou:

¡Ai, Jesús! —dixo unha das irmás.

E, ó dicir Jesús, o año desapareceu, dicindo:

¡Jujurujú, as nenas do muíño quentáronme o cu!

Inf.: Rodolfo Caballero, A Xesta, Quende, Abadín, 21-1-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010143).

MUÍÑO DE REGO DA CAL. *Lugar:* Rego da Cal. *Parroquia:* Galgao. *Concello:* Abadín.

•¹ Meu avó e máis miña avoa foron ó muíño de noite. Ían deitar a moenda e

Inf.: Domingo Pardiño, A Vacariza, Montouto, Abadín, 24-1-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010158).

MASMA. *Parroquia:* Masma. *Concello:* Mondoñedo.

•¹ A mediados do século XIX había nunha terra desta parroquia unha pedra que se usaba para poñer enriba da grade. Como era moi ben feita, o dono da terra levouna para a lareira da cociña. Un día queimaron loureiro enriba dela e a pedra falou:

Jévame para onde estaba!

Obedecéronlle e volvéróna para a terra onde a atoparan.

Bibliog.: Lence-Santar y Gutián, E.; "Folklore gallego" en *Mondoñedo*, p. 3, 15-4-1945.

•² Outra pedra, que puxo de lareira

chegaron á porta do muíño e encontráronse cun picariño chorando diante a porta do muíño:

¡Ai, Jasús! ¡Ah, Jasús! ¿Quen sería o que o trouxo aquí?

Collérono, acenderon o lume e veña quentalo. E desde que o tiveron ben quente, e que o fardaron ben, o neno botou a andar e dixo:

¡Jujurujú, que as miñas nenas me quentaron o cu!

Era o trasno que se puxo daquela figura.

Inf.: Atilano Rivas, Rego da Cal, Galgao, Abadín, 3-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010174).

MUÍÑOS, OS. *Parroquia:* Fanoi. *Concello:* Abadín.

•¹ Nunha encrucillada de camiños hai moitas cousas enterradas. E tamén seique hai un ferreiro.

Inf.: Concepción do Lamela, O Celeirote, Fanoi, Abadín, 4-12-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272010132).

NETE. *Parroquia:* Nete. *Concello:* Vilalba.

•¹ Nunha casa desta parroquia picaban moito toxo para dar ás cabalerías e ás vacas. Cando se deitaban, sentían que había alguén picando no toxo pero non o vían. Pola mañá, ó erguerense, o toxo estaba como o deixaran pola noite. Dicían que era o trasno.

Inf.: Jesús Prieto Trastoy, Ladra, Rioaveso, Vilalba, 28-6-93. (Arquivo E. CHAIRA: 272650092).

PARGA, San Breixo. *Parroquia:* San Breixo de Parga. *Concello:* Guitiriz.

•¹ Hai moitos anos, un cura de San Breixo tiña poder, un poder malo. Disque persoa que vía caía deitada. Ían

as mulleres para a feira con queixos e ovos e, se o encontraban, alá ían os ovos; as xemas dos ovos correndo polos camiños e os queixos esmagábanse todos.

O cura. ¡E más era cura!

Inf.: Evangelina Lage Campo, A Chafareta, Baamonde, Begonte, 3-11-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 27207039)

PAZO DE SAN MARTÍN. *Parroquia:* Arroxo. *Concello:* A Fonsagrada.

•¹ Este pazo foi propiedade de dona Urraca Moscoso. Tiña igrexa, hoxe parroquial de Arroxo, e cadea.

Ás señoras do pazo non lles gustaba que o crego empezase a misa sen elas. Pero, polo que fose, un día empezou a misa e elas non chegaran. Xa non foron. Mandaron ós gardas da cadea e pegarlle un tiro ó cura. Morreu a media misa.

Inf.: Antonio Fernández Fernández, O Castro, Arroxo, A Fonsagrada, 30-9-98.

PAZO DE SAN SIDRO. *Lugar:* O Couto. *Parroquia:* O Carme. *Concello:* Mondoñedo.

•¹ No pombeiro deste pazo meteuuse unha cobra que daba medo, de longa e gorda que era. Segundo O Motete do Couto, comezábanlle a nacer alas, estaba recuberta de cónchegas e papaba galiñas e cacholas de nabos. A cobra, ó lumbrigar do día e xunta a noite cantaba:

*Para Babilonia vou,
para Babilonia vou;
do demo a quen me veu
e non me matou,
e non me matou.*

Esta e tódalas cobras adormecen ó entrar o inverno e non espertan ata o día de San Marcos.

Bibliog.: Lence-Santar y Gutián,

E.; "Folklore gallego" en Mondoñedo, p. 3, 15-4-1945.

PEDRALBA. *Lugar:* Pedralba. *Parroquia:* Samarugo. *Concello:* Vilalba.

•¹ Dous rapaces atoparon un año nun sitio que lle chaman Pedralba, abajo dun río. Deron en acurrar nel para que non durmise fóra e non o comesen os cans. O año escapoulles e, cando estivo a certa distancia deles, deu en esgarnear:

jAeiihhh!

Eveña esgarnear. Contaron o conto e dixerónllles que era a peregrina.

Inf.: Angel Carballeira, Cornas, Samarugo, Vilalba, 6-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27265139).

PENA BICUDA. *Parroquia:* Trasmonte. *Concello:* Friol.

•¹ Tamén chamada Pena da Bruxa. É un penedo xigantesco de base estreita (un metro por metro e medio), que se ergue catro metros do chan. O bico teno cara ó norde e no cumio mide uns cinco metros de longo por outros tantos de ancho. Está posta en increíble equilibrio sobre outro penedo que ten, debaixo da parte máis saínte da Pena Bicuda, unha pía circular dun metro de diámetro.

Pasaban polo lugar unha bruxa (¿moura?), que debía ser xigante pois fiaba nunha roca do tamaño dun arado romano, e a súa filla, quizais residentes no castro de Trasmonte. A nena, por xogar subiu á Pena Bicuda, pero esvarou, caeu no chan e morreu.

A nai, fóra de si, anunciou:

*jPena Bicuda,
heiche ceibar unha pedra
que te ha fender
de rabo a orella!*

E tiroulle enriba un penedo que lle deixou as marcas e roturas que se lle

poden ver hoxe "de rabo a orella".

Bibliog.: Coira Sanjurjo, J. M^a; "Apuntes inéditos sobre a historia de Friol", depositados no Museo Provincial de Lugo.

PENA DA BRUXA. *Lugar:* Monte Pedrido. *Parroquia:* entre Narla e Carlin. *Concello:* Friol.

•¹ Tamén chamada Pena Castela ou Castrela. Está moi próxima a un castro. E tanto esta pena como unha moi próxima, as dúas relacionadas coa lenda, teñen pegadas e gravados.

Unha bruxa, ou moura, e a súa filla, residentes no castro próximo cruzaban a pé o Monte Pedrido. A nai ía fiendo e levaba na cabeza unha grande rocha; a nena levaba na cabeza unha ola con leite. Ó chegar á pena, a bruxa, ou moura, esvarou sobre unha laxe, caeuille a rocha que levaba na cabeza e esmagou á filla.

A nai, vendo a desgracia, alporzouse e dixo:

*Pena Castrela,
rompichesme a ola,
matácheme a nena;
o demo te fenda
de rabo a orella.*

E para castigar a rocha colleu outra pedra dun medio metro de longo e tiroulla enriba. E alí está a pena, fendida en dúas.

Bibliog.: Coira Sanjurjo, J. M^a; "Apuntes inéditos sobre a Historia de Friol", depositados no Museo Provincial de Lugo.

Martínez Fernández de la Vega, H.; *El Progreso*, 28 de marzo de 1965.

PENA DA FERRADURA. *Parroquia:* Cabreiros. *Concello:* Xermade.

•¹ O cabalo de Santiago saltou desde a Pena de Miraz á Pena da Ferradura.

Bibliog.: Alumnos do Colexio

Público de Xermade, *Xermade, o meu pobo*, Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, Pontevedra, 1994.

PENA DA MULLER. *Lugar:* O Rigueiro. *Parroquia:* Invernalla. *Concello:* Navia de Suarna.

•¹ Dúas mulleres de Invernallúa, nai e filla, ían á misa a Muñis. Ó pasar por Rigueiro danse conta de que esqueceran na casa un bolo que lle ofreceran ó santo. Entón, a nai pídelle á filla que volva por el á casa, pero a filla négase. A nai, moi enfadada, díolle:

¡Ogallá te convirtas en pedra!

Cando a nai volvía co bolo, no lugar onde tiña que estar agardando a filla había unha pena coa forma do corpo da rapaza.

Hai pouco fixeron unha pista para Invernalla e tiraron a Pena da muller.

Inf.: Antonio Fernández Fernández, O Castro, Arroxo, A Fonsagrada, 30-9-98.

PENA DAS AIRAS. *Lugar:* Vilacide. *Parroquia:* Cabreiros. *Concello:* Xermade.

•¹ Unha muller pasou pola Pena das

Airas no lugar de Vilacide e viu unhas airadas de trigo. Por eso lle chaman Pena das Airas. Viu que os mouros estaban poñendo o trigo a airear no alto do castro no que vivían.

A muller foille contar ós veciños o que vira e cando volveu a pasar por alí caeu por un furado e foi dar a San Andrés de Lonxe (San Andrés de Teixido).

Bibliog.: Alumnos do Colexio

Público de Xermade, *Xermade, o meu pobo*, Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, Pontevedra, 1994.

PENA DAS VERRUGAS. *Lugar:* Guimarei de Arriba. *Parroquia:* Guimarei. *Concello:* Friol.

•¹ Nesta pena hai dous buratos, producto das goteiras. Un ten cartos e auga e o outro está seco. O día primeiro de xaneiro de cada ano, os cartos e a auga cambian de burato.

Os que queren tirar alí as verrugas teñen que botar no burato con auga unha peseta por cada unha, rezar unhas oracións, mollar a verruga na auga e volver para a casa, sen mirar para atrás, cantando:



Fig. 3.- Pena do Castelo

*Verruguiñas traio
verruguiñas deixo;
déixoas quedar
e voume correndo.*

Bibliog.: *El Progreso*, 21-IX-1998.

PENA DO CASTELO. *Parroquia:* Roca. *Concello:* Guitiriz.

•¹ Había unha cova que ía desde a Pena do castelo á estrada. Un encanto presentóuselle a unha criada de servicio e levouna para dentro. Alí estivo coidando dous nenos que había. Tiña que untar os ollos dos nenos cunha menciña e dunha vez tamén ela untou os seus ollos. Tempo despois, parece que lle deixaban saír, foi a unha feira e viu ó seu amo, o encanto, e saudouno: E logo, meu amo, ¿que tal?

Ben, ¿E ti como me coñeces a min?

É que estiven untando a menciña dos pequenos enriba dos ollos.

O encanto colleu a muller e levouna para a cova outra vez, e disque lle sacou os ollos.

Inf.: Antonio Ares Freire, Baamonde, Begonte, 3-11-92. (Arquivo E. CHAIRA: 27207007).

PENA DO ENCANTO DA EGUA LONGA. *Parroquia:* Vilapedre (?). *Concello:* Vilalba.

•¹ Un de Ferreira (Lanzós), o vello Lamas, durmiu sobre a Pena do Encanto da Egua Longa e caeuille todo o pelo.

Pero desde aquela o Lamas empezou a medrar e fíxose rico porque dicían que os encantos tiñan moito diñeiro, moito ouro.

Inf.: Angel Carballeira, Cornas, Samarugo, Vilalba, 6-95. (Arquivo E. CHAIRA: 27065137).

PENA DO FRO. *Parroquia:* Baamonde. *Concello:* Begonte.

•¹ Hai unha pena aí que lle chaman a do Fro e para min foi un altar deses dos nosos antigos celtas. Ten un asento coma se fose un verdadeiro sillón para sentarse unha persoa.

Inf.: Ramón Ares Díaz, A Chafareta, Baamonde, Begonte, 3-11-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272070035).

PENA DO XIRO. *Lugar:* A Laxe.

Parroquia: Montouto. *Concello:* Abadín.

•¹ Ái había un encanto que tocaba a gaita polas tardes. Cando ían os pastores coas ovellas por alí, saía o encanto tocar a gaita. Dicen que eran moi ricos eses encantos.

Inf.: Carmen Pallares, Cabanapallaza, Montouto, Abadín, 24-1-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010153).

PENA DOS MOUROS. *Parroquia:*

Samarugo. *Concello:* Vilalba.

•¹ Hai unhas pedras altas e dicían que alí había unha capela que tiñan os mouros; e que vivían nela.

Inf.: Angel Carballeira, Cornas, Samarugo, Vilalba, 6-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27065131).

PENA GRADADA. *Lugar:* Acebro.

Parroquia: Rececende, Sto. Estevo. *Concello:* A Pontenova.

•¹ A Pena Gradada está enriba de Acebro, é plana no alto e logo inclínase, e ten coma unhas canles polas que debía correr o sangue dos sacrificios para depositarse nunha especie de cunca feita na mesma pena.

Chámanlle gradada porque parece feita cunha grade.

Inf.: José Antonio Alonso González, Rececende (S. Xoán), A Pontenova, 1996. (Arquivo E. CHAIRA: 272480001).

Bibliog.: Carnero, O., Cuba, X., Reigosa, A. e Salvador, M.; *Polavilana Pontenova. Lendas, contos e romances*. Deputación provincial de Lugo, 1998.

PENA PORREIRA. *Parroquia:* Insua. *Concello:* Vilalba.

•¹ Un neno dunha familia moi pobre cando alindaba as súas cinco ovellas ó redor da pena viu saír dunha cova unha vella coas uñas moi longas e vestida con roupas brancas. A vella achegouse a el e ofreceulle algo envolto nun pano branco, e díolle:

¡Prométeme que non o abres ata chegar á casa!



Fig. 4.- Pena do Xiro (Montouto, Abadín)

Prometeullo, claro. Pero tan axiña como lle pareceu que non o vía a vella, desenvolveu o atado. Como só encontrou carbóns, tirou con todo ó chan, agás o pano, que outro non tiña. Ó chegar á casa contou o sucedido e amosou o pano. E, ó desembrullalo, quedara aínda un cacho daquel carbón que resultou ser diamante. Mágica do resto; xa non o puideron recuperar, pero a economía daquela familia quedou amañada.

Inf.: José Ocampo Febrero, Cotariña, Insua, Vilalba, 28-6-93. (Arquivo E. CHAIRA: 272650080)

Bibliog.: A Pravia, Revista escolar do colexio "Insua Bermúdez" de Vilalba, nº 25, 1991.

PENA QUE FALA. *Lugar:* Zoñán. *Parroquia:* Os Remedios. *Concello:* Mondoñedo.

•¹ Cando andaban por alí os nenos coas vacas, tiñan que ter moito coñido con esta pena porque se lle escotaban dicir: "Abréte pena e come este neno", abríase e engulíao para sempre.

Inf.: Remedios e Pilar Oseira, Zoñán, Os Remedios, Mondoñedo, 13-7-97.

PENA ROZADORA. *Parroquia:* Vilapedre. *Concello:* Vilalba.

•¹ Hai unha pena moi grande encima de outra que lle chaman a Pena Rozadora. Contan que foi unha señora que estaba fiando a que a subiu na punta da roca.

Inf.: Sofía Lorenzo Polo, A Carballera, Vilapedre, Vilalba, 8-95. (Arquivo E. CHAIRA: 27065166).

PENA GRANDE. *Lugar:* Penagrande. *Parroquia:* Carballido. *Concello:* Vilalba.

•¹ Aínda mallaban co mallo e presentouse unha tronada grandísí-

ma. O crego da Parroquia díolle:

¡Vosoutros seguide mallando que aquí non ha caer unha gota!

E púxose a ler nun libro. Todos puideron ver como chovía en todo o circo da aíra pero nela, nin unha gota.

Inf.: José Boo Pérez, Penagrande, Carballido, Vilalba, 13-5-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272650046).

PENAS DA PONTE CORVAL. *Parroquia:* Cazás. *Concello:* Xermade.

•¹ En Cazás hai unhas penas que lles chaman a Ponte Corval. Hai unha pena moi grande e unha modoña de terreo. Alí saían moitas veces homes coma se fosen gandeiros que ían para a feira e non se sabía que "familia" había alí.

Había galiñas con pitos, cabras e todo eso; roupina a secar e todo. Vivían alí pero, claro, ninguén falaba con eles nin nada.

Unha señora daquelas baixaba ó río e peiteábase cuns peites que brillaban coma se fosen prata.

Os nenos que ían buscar o gando ós montes, porque daquela había gando miúdo, cabras, ovellas e eso, víana pero non falaban con ela. E, cando volvían co gando, ó mellor xa non estaba.

Dicían que eran encantos e ninguén os desencantou. Pero ese desapareceu; agora xa non se ve. Viuse bastante tempo e moitas veces.

Inf.: Angustias González Bello, Piñó, Codesido, Vilalba, 7-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27065149).

•² Dicían que había encantos aí nas Penas de Corval, aí nunha ponte en Cazás. Aí dicían que ó mellor se vía unha muller fiando e unha galiña con pitos.

Inf.: María Cazón, Xurbal, Tardade,

Vilalba, 4-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27065053).

•³ Contan que a Pena de Corval, que está ó pé do río, que a trouxo unha vella na cabeza.

Bibliog.: Alumnos do colexio público de Xermade, Xermade, o meu pobo, Consellería de Cultura, Xunta de Galicia, Pontevedra 1994.

PENAS DO BULLEIRO. *Parroquia:*

Rececende, S. Xoán. *Concello:* A Pontenova.

•¹ Para este lugar levaban a imaxe de San Xoán que estaba na Cova das Augas Santas porque lle querían facer alí a igrexa. Pero, o santo, sen que ninguén o vise, voltaba só para a Cova das Augas Santas. Non lle valeu de moito porque acabaron facendo a igrexa nas Penas do Bulleiro.

Inf.: José Antonio Alonso González, Rececende (S. Xoán), A Pontenova, 1996. (Arquivo E. CHAIRA: 272480003).

Bibliog.: Carnero, O., Cuba, X., Reigosa, A. e Salvador, M.; Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances. Deputación provincial de Lugo, 1998.

PENAS PARDAS. *Parroquia:* Fraiás.

Concello: Abadín.

•¹ Ás Penas Pardas hai encantos e síntese tocar coma unhas campaiñas.

Inf.: Atilano Gonzalo e Josefa Bouza, Fraiás, Abadín, 3-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272650225).

PILÓN DAS PEDRAS BRANCAS.

Lugar: O Carboeiro. *Parroquia:* Montouto. *Concello:* Abadín.

•¹ Alí, chámbole o Alto do Pilón das Pedras Brancas, había un encanto que saía e corría tras das ovellas e dos pícaros, e tamén dos grandes, por



Fig. 5.- Ponte de Amorín (Corvite, Abadín)

poñerles medo. Dicen que eran moi ricos esos encantos.

Inf.: Carmen Pallares, Cabanapalla-za, Montouto, Abadín, 24-1-1993. (Ar-quivo E. CHAIRA: 272010154).

PONTE DE AMORÍN. *Parroquia:* Corvite-Baroncelle. *Concello:* Abadín.

•¹ Víase unha señora fiando na ponte. O que pasaba, se non lle topaba á roca, non lle pasaba nada, e dicíalle a señora:

¡Ben deitaches! ¡Ben deitaches!

Pero se lle topaba, ou a pisaba, a señora castigába-o, ó mellor, levándoo polo aire.

Inf.: Serafín Souto Fernández, O Carregal, Moncelos, Abadín, 15-10-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272010003).

•² Alí había un encanto. Ó mellor saía unha besta do río e poñíase diante do que pasaba; cando chegaba á ponte, desaparecía sen saber por onde.

Podía aparecer un cadelo andando cabo dos que pasaban pola ponte pero sen dárense conta tamén desaparecía.

Outras veces aparecía unha muller

fiando estopas nunha roca.

Inf.: Dionisio Souto Valle, Corvite, Abadín, 3-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010218).

PONTE FERREIROS. *Lugar:* A Se-rra. *Parroquia:* Montouto. *Concello:* A-badín.

•¹ Víanse aí uns encantos, pero dicían que eran meigas, ou bruxas, que fiaban de noite.

Se viñan homes de viaxe non podían pasar a non ser que sacasen o rosario de San Francisco, ou así doutros santos. Se o levaban, desaparecían os encantos.

Eran dúas mulleres e poñíanse unha dun lado e outra do outro da ponte, fiando lá branca. Non deixaban pasar a ninguén se non levaba cousa bendita no peto. E dicían que eran meigas; sabe deus que eran. Ó mellor eran encantos deses.

Inf.: Carmen Pallares, Cabanapalla-za, Montouto, Abadín, 24-1-1993. (Ar-quivo E. CHAIRA: 272010156).

PONTE TERRÓS. *Parroquia:* Ca-zás. *Concello:* Xermade.

•¹ Na ponte Terrós, sobre o río de Cazás, sae tódalas noites unha galiña con sete pitos.

Bibliog.: Alumnos do Colexio Público de Xermade, *Xermade, o meu pobo*, Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, Pontevedra, 1994.

PORTO DO CANDO. *Parroquia:* Insua. *Concello:* Vilalba.

•¹ Antes este paso chamábbase Porto do Encanto pero, co tempo, quedou en Porto do Cando.

Na mañaciña do día de San Xoán aparecía alí unha galiña cunha larada de pitos, todos negros, agás un de cor branca, que era o que estaba encantado. O mozo que desencantase o pito branco había casar cunha señora moi fermosa.

Cando se intentaba o desencantamento o pito transformábase en culebrón e ía, beira do río, desde o Porto do Cando ata o muíño Meso, que está nun rego que baixa pola dereita para morrer no río Ladra.

Houbo un mozo do barrio das Moles que o intentou un amencer do día de San Xoán. Xa non viu o pito branco; xa estaba transformado en culebrón moi grande. E colleu medo, tanto que botou a correr cara ó muíño Meso. Pero, ó mirar para atrás, o culebrón volvía a ser pito branco; parou e botoulle a man. Acariñouno, aloumiñouno: ¡Pitiño, pi-tiño!, ata que, nun descuido, lle cae o pito do man e, instantáneo, volve a ser culebrón.

Seguiu correndo e, cando chegou ó muíño Meso, como o pito seguía sendo culebrón, tirouse ó río. Desde a auga mirou outra vez para atrás e viu que o culebrón volvérase pito outra vez pero xa non pudo remexerse para volver por el. Quedou sen desencantar, e sen muller para casar, porque non foi capaz

de facerlle fronte ó culebrón.

Inf.: José Ocampo Febrero. A Coturiña, Insua, Vilalba, 28-6-93. (Arquivo E. CHAIRA: 272650079).

POZO DE XAN DE CANDIA.

Parroquia: Candia. *Concello:* Abadín.

•¹ En Candia, Abadín, hai un profundo pozo no río(un pozo piago), escuro, tétrico, no que vive unha grande serpe que come todo o que cae dentro. Unha vez caeu unha vaca e, agás as tripas, o resto non se volveu ver.

O nome vénlle dos tempos medievais, cando un bispo de Mondoñedo, na compaña do seu séquito, ía petando de porta en porta. Cando lle abrían, tiraba o anel dentro da casa e dícia:

¡Confiscado canto ten! ¿Como se chama?

O escribente tomaba nota de donos e propiedades para que non se lle escapase cómaro nin carrilleira.

Así andou tódolos lugares ata que chegou a Candia. Un tal Xan de Candia (Xan do Cristo, Xacinto de Candia) saíulle ó camiño cunha fouce na man. A comitiva parou e o Xan botouse ó bispo e dun golpe seco segoulle o pescoco. Temeroso da xustiza dirixiuse ó pozo que hoxe leva o seu nome echimpouse nel, afogando. Nin as roupas se viron aboiar. A serpe enguliríao vestido.

O bispo moribundo, seique fixo testamento de urxencia e deixoulle todo o que levaban confiscado naquela zona a un seu criado, un tal Luaces de Labrada, o que explica a orixe do poderío que tiveron os Labrada por alí.

Parece que se ten intentado medir a fondura do pozo e houbo quen tirou metros de adival cunha pedra de contrapeso na punta, pero nin así tocou fondo.

Inf.: José Franco Goás, A Picheira,

Cabaneiro, Abadín, 14-10-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272010002).

Concha López, Os Castros, Candia, Abadín, 3-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010189).

José Verdes, Barral, Castromaior, Abadín, 2-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010084).

Bibliog.: Cuba, X. R., Miranda, X. e Reigosa, A.; *Diccionario dos seres míticos de Galicia*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, (en prensa).

POZO DO ENCANTO. Parroquia:

Labrada. *Concello:* Abadín.

•¹ Do Pozo do Encanto sae unha muller peiteándose cun peite de ouro. Pero non tódolos días; só algunha vez.

Inf.: Genoveva Rivas, O Carballal, Labrada, Abadín, 20-12-92. (Arquivo E. CHAIRA: 272010050).

POZO DO REAL. Lugar: Veiga do Real. *Parroquia:* Montouto. *Concello:* Abadín.

•¹ Hai coma un salto de auga que cae no pozo e forma unha fervencia ó caer a auga de chorro. Ó pozo non se lle ve o fondo e o que cae nel, desa-

parece (Véxase Fonte do Xistral).

Eu teño ido ás troitas e meter a cana pero nada; non lle encontraba o fondo.

Un rapaz de aquí, que está agora en Bilbao, tiña un can moi malo que non lle obedecía moi ben, Un día veu do monte dicindo que desaparecera o can. ¿Que fora?; que lle atara unha corda e unha pedra ó pescoco, e o can ó pozo. Non pareceu máis.

Inf.: Domingo Pardiño, A Vacariza, Montouto, Abadín, 24-1-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010160).

PRADO DO COSTEIRO. Lugar:

Pude. *Parroquia:* San Simón da Costa. *Concello:* Vilalba.

•¹ Había unha criada en Pude e viña á herba a un prado que lle chaman O Costeiro, e unha vez presentouse alí o encanto. O encanto ofreceu á criada moito ouro se lle axudaba a se desencantar. Ela díolle que si.

O encanto explicoulle que cando volvese á herba falle meter no cesto unha cobra e que ela, sen medo, tiña que toparlle co dedo na cabeza. E porfioulle moito en que o fixese así, pois se non o facía xa nunca máis o



Fig. 6.- Pozo do Real (Montouto, Abadín)

poderían desencantar.

¿Dásme palabra?

Si, dou.

Non me teñas medo, que non che faigo mal. Tópame cun dedo na cabeza e eu quedo desencantado.

Pero o día que volveu cando viu a cobra no cesto, dixo:

¡Ai, Xesús!

E marchou correndo. E nunca máis.

Inf.: Angel Carballeira, Cornas, Samarugo, Vilalba, 6-1995. (Arquivo E. CHAIRA: 27065130).

REGO DA CAL. *Lugar.* Rego da Cal. *Parroquia:* Galgao. *Concello:* Abadín.

•¹ A meu pai deulle mal e eu estaba cabo del, enriba na habitación. E tivemos falando así, tranquilamente.

A miña muller estaba abaxo, na cociña, pasando os bancos. Entón, cando ela ía tirara auga do balde por iba da porta, abriu o poxigo e ¡cómame deus!, ve o curral todo cheo de luces, todo de luces. Cerrou o poxigo e a porta e berroume:

¡Expira teu paíño! ¡Ai, home, si, morre teu paíño!

E meu pai, díxome:

¡Ai, Atilaniño, non me deixes só!

¡Non me deixes só!

E naquel momento deu a alma a Deus.

Era a Compañía, que viñera á porta chamalo.

Inf.: Atilano Rivas e Encarnación Otero, Rego da Cal, Galgao, Abadín, 3-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010175).

REGUEIRO. *Parroquia:* Baamonde. *Concello:* Begonte.

•¹ Aí hai unha zona que soa a oco e tamén din que había un tesouro escondido.

Inf.: Ramón Ares Díaz, A Chafareta, Baamonde, Begonte, 3-11-1992. (Ar-

quivo E. CHAIRA: 272070034).

RÍO DE PIÑEIRA. *Lugar.* Río de Piñeira. *Parroquia:* Castañedo. *Concello:* Navia de Suarna.

•¹ Deste *Lugar* era a moza que tiveron secuestrada os mouros das Covas de Castañedo durante sete anos. (Véxase Covas de Castañedo¹).

Inf.: Antonio Fernández Fernández, O Castro, Arroxo, A Fonsagrada, 30-9-98.

SAMORDÁS, OS. *Lugar.* Os Samordás. *Parroquia:* Galgao. *Concello:* Abadín.

•¹ O José, tería vinte e tantos anos, ía ver a moza. E, no camiño por onde veñen os mortos dos Samordás, deulle a gana, dispensando, de baixar os pantalóns. Arrimouse así a un lado do camiño e estivo facendo as súas necesidades. E, neso, que pasa o demo coxeando. Ia desde a igrexa cara á casa; e era o demo, e coxeaba.

O mozo levantouse e quedouse quieto, que, se lle fala, ó mellor o leva canda el.

E aquel día houbo un defunto ós Samordás. Non chegaria a tempo para recibirlle a alma ó que morreu.

Inf.: Atilano Rivas, Rego da Cal, Galgao, Abadín, 3-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010176).

SAN COSME. *Parroquia:* Galgao. *Concello:* Abadín.

•¹ A capela do San Cosme estaba nos Samordás, no medio dunha campela. Era moi pequena e ruín, e tiña un campaniño coma a choca dunha vaca. Chovía dentro e era moi costoso para chegar ata alí.

A mediados dos anos vinte ó santo deulle por aparecerse no medio dunhas toxeiras que había onde ten hoxe a igrexa. Cando se apareceu a primeira

vez, o crego, o sacristán e os veciños acordaron levalo outra vez para Os Samordás. Pero, ós poucos días, o santo volvía a estar enriba. E así pasou tres ou catro veces, pero sempre volvía a aparecer enriba.

Entón entenderon que o santo non quería estar nos Samordás e que quería vir para o lado das casas.

Primeiro fixéronlle un capeliño de madeira e despois fixéronlle a igrexa. E alí está desde mil novecentos vinte e cinco.

Inf.: José Franco Goás, A Picheira, Cabaneiro, Abadín, 14-10-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272010001).

•² ¿Por que chove tódolos anos o día de san Cosme?

Porque o santo foi feito coa madeira do rodicio dun muíño e, de tanta auga como tiña enchoupado, agora fai chover o día do santo.

Inf.: Rodolfo Caballero, A Xesta, Quende, Abadín, 21-1-1993. (Arquivo E. CHAIRA).

SANTO ESTEVO. *Lugar.* Santo Estevo. *Parroquia:* Rebecende, Sto. Estevo. *Concello:* A Pontenova.

•¹ A carón da fonte de Santo Estevo había unha pedra que lles servía para abrigarse ós nenos cando andaban coas ovellas. Tenmo contado a miña avoa, que ela tamén se abrigaba debaixo dela. Ó mellor era un dolmen. Despois non tiveron mellor ocurrencia, cando fixeron a carretera, ca desfacela e machacala para grava.

Inf.: José Antonio Alonso González, Rebecende (S. Xoán), A Pontenova, 1996. (Arquivo E. CHAIRA: 272480002).

Bibliog.: Carnero, O., Cuba, X., Reigosa, A. e Salvador, M.; Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances. Dep. provincial de Lugo, 1998.

TORRE DE BAAMONDE. *Parroquia:* Baamonde. *Concello:* Begonte.

•¹ Dicían que nas ruínas da torre había algúñ tesouro, que debaixo había un soto e que alí había armas e tesouros dos mouros e eso.

Cando o propietario a desfixo o único que encontrou foi un pasadizo de pedra que tería un metro ou metro e pico de ancho, e dicen que ía dar a un rego por se estaban necesitados de auga.

Inf.: Ramón Ares Díaz, A Chafareta, Baamonde, Begonte, 3-11-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 27207033).

TROLLO. *Parroquia:* Pino. *Concello:* Cospeito.

•¹ Neste lugar houbo unha igrexa. Un día había nela unha voda e o mozo ó entrar cagouse en Deus. Deus castigounos inundando a igrexa e ós que participaban na ceremonia. Hai xente do lugar que petando cunha vara distingue o oco que corresponde á porta da igrexa.

Inf.: Aurora Pardo. Igrexa, Xoibán, Vilalba, 7-5-93. (Arquivo E. CHAIRA: 272650022).

VEIGA DO CONCELLO. *Parroquia:* Fanoi. *Concello:* Abadín.

•¹ Na Veiga do Concello hai un tesouro. Dicía meu pai que "co tempo, coa pata das ovellas sería descuberto".

Inf.: Concepción do Lamela, O Ceñeirote, Fanoi, Abadín, 4-12-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272010130).

VEIGA DO REAL. *Lugar:* Veiga do Real. *Parroquia:* Montouto. *Concello:* Abadín.

•¹ Alí houbo un pobo e afundiuse; afundiuse un ano que choveu moito. Aquello é chao pero ten uns cotarelos redondos e despóis, no medio, entérrase. Apareceron alí cachos de madeira; as madeiras vellas vinan eu (Vé-

xase Pozo do Real).

Inf.: Carmen Pallares, Cabanapallaza, Montouto, Abadín, 24-1-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010152).

Domingo Pardiño, A Vacariza, Montouto, Abadín, 24-1-1993. (Arquivo E. CHAIRA: 272010159).

VILARENTE. *Parroquia:* Vilarente. *Concello:* Abadín.

•¹ Esto pasou en Vilarente e contoumo meu avó. Había un cura que esconxuraba e dicían que cando había tronada que se vían uns nubeiros; que se vían moitas cousas.

Un día que se armou unha trebada de medo, meu avó foi ata a rectoral. O cura púxose a ler nun libro e suaba; veña ler e veña suar.

Nun momento, o cura chamou a meu avó e díolle:

—Tu queres ver o que pasa aí fóra, os nubeiros eses que van aí?

Eu quero.

—Pois tócame no ombro esquierdo; —Non sei se era coa man dereita, non recordo—. Tócame aquí e verás!

E nada máis tocarlle, dixo meu avó, viu non sei cantos homes con lanzas e cousas ameazando. E un daqueles homes veu cara ó cura cun coitelón na man, de fronte. E, entón, o cura preguntoulle:

—Que queres?

—Quero unha espiga de trigo! —dixo o nubeiro—.

—Non! —Non, unha espiga de trigo non cha dou, que me levas a colleita toda!

E o cura, sen máis conversa, arreboloulle a sola dun zapato. O nubeiro marchou e descargou nunha carreira que hai moi fonda a carón da igrexa parroquial. Descargou alí toda a malicia.

E cando se foi derretendo aquela area que deixara o nubeiro, víanse unhas pedriñas coma bolas moi lisñas, moi bonitas.

Inf.: Lidia Iglesias, O Carballo, Abeledo, Abadín, 15-11-1992. (Arquivo E. CHAIRA: 272010109).

XEADA. *Lugar:* Xeada. *Parroquia:* Rioaveso. *Concello:* Vilalba.

•¹ Cando había trebada, o crego collía un libro que tiña e lendo nel aparzába para que descargase nun camiño, onde non fixesen mal a ninguén.

Un día, o crego estaba en conversa cuns veciños das casas de Xeada e pousou o libro. Un neno que pasou colleu o libro, e, sen dárente conta nin o crego nin os outros veciños, xa o viron erguerse no aire co libro na man, levitando. E o crego berroulle:

—¡Ah, pájaro, onde estás! ¡A ver se me podes mandar o libro aberto!

E conseguiu baixarlle o libro pero o neno seguía aló enriba. Entón, o crego púxose a ler no libro ó revés, moi despaciño, e o neno foi baixando a modo. Se le apurado ou pecha o libro, o neno baixaría de golpe e podíase matar.

Inf.: Corsina Prado Río, Campelas, Rioaveso, Vilalba, 9-6-93. (Arquivo E. CHAIRA: 272650078).

XOIBÁN. *Parroquia:* Xoibán. *Concello:* Vilalba.

•¹ Onde están unhas cotarras (¿mámoas?) hai un pelexo dun becerro cheo de ouro. Había un libro que tiña un veciño que explicaba polo miúdo onde se atopa.

Inf.: Benedicto Díaz. Granda, Xoibán, Vilalba, 7-5-93. (Arquivo E. CHAIRA: 272650025).

•² Cóntase nesta Parroquia que en certa ocasión caeu alí un nubeiro, con figura de home, en coiro e cun martelo na man.

Inf.: Santiago Castro. Igrexa, Xoibán, Vilalba, 29-4-93. (Arquivo E. CHAIRA: 272650010).

ÍNDICE DE LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA

CONCELLO DE ABADÍN

Parroquia	Lugar	Lenda
Abeledo		Abeledo
Abeledo		Capela de San Antonio
Abeledo		Fonte dos Caxigos
Baroncelle		Castro de Baroncelle
Candia		Pozo de Xan de Candia
Castromaior		Castromaior
Corvite-Baroncelle	Ponte de Amorín	Ponte de Amorín
Fanoí		Castelo de Fanoi
Fanoi		Muiños, Os
Fanoi		Veiga do Concello
Fraiás		Fonte dos Golpes
Fraiás		PenasPardas
Galgao	Rego da Cal	Muíño de Rego da Cal
Galgao	Rego da Cal	Rego da Cal
Galgao	Samordás, Os	Samordás, Os
	Galgao	San Cosme
Labrada		Pozo do Encanto
Moncelos	Fromariz	Cruceiro de Fromariz
Moncelos		Monte das Cargas
Montouto	Arca, A	Arca, A
Montouto		Fonte do Xistral
Montouto		Leiras de Abaixo
Montouto	Laxe, A	Peña do Xiro
Montouto	Carboeiro, O	Pilón das Pedras Brancas
Montouto	Serra, A	Ponte Ferreiros
Montouto	Veiga do Real	Pozo do Real
Montouto	Veiga do Real	Veiga do Real
Quende	Cicallón	Cicallón
Quende	Casanova	Fonte Cega
Quende		Muíño de Quende
Vilarente		Carreira da Igrexa
Vilarente	Seivane	Igrexa de Vilarente
Vilarente		Vilarente

CONCELLO DE ALFOZ

Parroquia	Lugar	Lenda
Pereiro, O	Agros, Os	Agros, Os

CONCELLO DE BEGONTE

Parroquia	Lugar	Lenda
—	Fontefría	Cruceiro de Fontefría
Baamonde	Vilariño	Peña do Fro
Baamonde		Regueiro
Baamonde		Torre de Baamonde
Donalbai	Donalbai	Castro de Donalbai
Santalla de Pena		Fonte da Perdiz

CONCELLO DE CARBALLEDO

Parroquia	Lugar	Lenda
Morgade	Castro	Castro Morgadán

CONCELLO DE COSPEITO

Parroquia	Lugar	Lenda
Pino	Mato, O	Mato
Pino		Trollo
Santa Cristina	Lagoa de Cospeito	Lagoa de Cospeito

CONCELLO DA FONSAGRADA

Parroquia	Lugar	Lenda
Arroxo		Casa Dabade
Arroxo	Castro, O	Castro de Arroxo
Arroxo		Pazo de San Martín
Lamas de Moreira/Arroxo	Savane/Castro	Covas de Chao de Savane

CONCELLO DE FRIOL

Parroquia	Lugar	Lenda
Guimarei	Guimarei de Arriba	Pena das Verrugas
Narla/Carlín	Monte Pedrido	Pena da Bruxa
Trasmonte		Pena Bicuda

CONCELLO DE GUITIRIZ

Parroquia	Lugar	Lenda
Parga, S. Breixo		Parga, San Breixo de
Roca		Pena do Castelo

CONCELLO DE MONDOÑEDO

Parroquia	Lugar	Lenda
Carme, O	O Couto	Pazo de San Sidro
Masma		Masma
Remedios, Os	Zoñán	Croa de Zoñán
Remedios, Os	Zoñán	Fonte da Niveira
Remedios, Os	Zoñán	Pena que Fala

CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA

Parroquia	Lugar	Lenda
Castañedo	Castañedo	Covas de Castañedo
Castañedo	Río de Piñeira	Río de Piñeira
Invernallas	Rigueiro, O	Pena da Muller
Mosteiro		Molmeán

CONCELLO DA PASTORIZA

Parroquia	Lugar	Lenda
Lagoa		Alto da Corda

CONCELLO DA PONTENOVA

Parroquia	Lugar	Lenda
Conforto		Campo da Matanza

Conforto		Capela da Madanela
Rececende, S. Xoán		Costa dos Mouros
Rececende, S. Xoán		Cova das Augas Santas
Rececende, S. Xoán		Penas do Bulleiro
Rececende, Sto. Estevo	Acebro	Pena Gradada
Rececende, Sto. Estevo	Sto. Estevo	Santo Estevo

CONCELLO DE SAMOS

Parroquia	Lugar	Lenda
Samos		Mosteiro de Samos

CONCELLO DO SAVIÑAO

Parroquia	Lugar	Lenda
Abuíme		Castro de Abuíme
Abuíme	Ferroedo	Ferroedo

CONCELLO DE VILALBA

Parroquia	Lugar	Lenda
Belesar		Belesar
Belesar		Castro de Belesar
Carballido	Penagrande	Penagrande
Codesido	Castro	Castro de Codesido
Costa, S. Simón	Pude	Prado do Costeiro
Gondaisque	Castro	Castro de Gondaisque
Insua		Pena Porreira
Insua		Porto do Cando
Ladra		Castro de Ladra
Nete		Fonte Nova
Nete		Nete
Rioaveso	Campelas	Camposanto, O
Rioaveso	Xeada	Xeada
Samarugo	Vilar da Igrexa	Corredoira vella
Samarugo	Calzada, A	Fonte Pomorosa
Samarugo	Pedralba	Pedralba
Samarugo		Pena dos Mouros
Vilapedre	Egua Longa	Pena do Encanto da Egua Longa
Vilapedre		Pena Rozadora
Xoibán	San Paio	Capela de San Paio
Xoibán		Castro de Xoibán
Xoibán		Xoibán

CONCELLO DE XERMADE

Parroquia	Lugar	Lenda
Cabreiros		Pena da Ferradura
Cabreiros	Vilacide	Pena das Airas
Cazás	Castro da Igrexa	Castro da Igrexa
Cazás		Penas da Ponte Corval
Cazás		Ponte Terrós

ÍNDICE TEMÁTICO-ANALÍTICO

ÁRABES: Viviron Monte das Cargas¹.

ASOLAGAMENTOS: Cemiterio Camposanto, O¹. Cidades: Eimil Castro de Gondaisque²; Valverde Lagoa de Cospeito¹, Villaverde Camposanto, O¹. Igrejas: Castromaior¹, Trollo¹. Pobos: Veiga do Real¹. Por chuvia: Veiga do Real¹. Por maldición: dun señor; Lagoa de Cospeito¹, de Deus Trollo¹.

BRUXAS: Fían lá branca Ponte Ferreiros¹.

CABALOS: Besta que sae do río Ponte de Amorín². Cabeza posta ó revés Alto da Corda¹. De Santiago Pena da Ferradura¹. Dos mouros Costa dos Mouros¹.

CABRAS: Dos encantos Penas da Ponte Corval¹.

CAMIÑOS: Carreira de Vilarente¹. Branquea por onde pasa o encanto Corredoira Vella¹. Encrucillada Pilón das Pedras Brancas¹.

CANS: Ponte de Amorín². Encanto Fonte da Perdiz¹. Perdido nunha cova Covas de Chaos de Savane¹.

CAPELAS: Capela de San Antonio¹; Capela de San Paio¹. Dos mouros Pena dos Mouros¹. Feita polos mouros Capela da Madanela¹.

CASAS: Casa Dabade¹. Rectorais: Vilarente¹; Abeledo¹.

CASTELOS: Castelo de Meira Igrexa de Vilarente¹.

CASTROS: Castro da Igrexa^{1/2}. Castro de Abuíme¹; Castro de Arroxo¹. Castro de Baroncelle¹; Castro de Belesar¹. Castro de Codesido^{1/2}. Castro de Gondaisque^{1/2}. Castro de Ladra¹; Castro de Xoibán¹; Castro Morgadán¹; Croa de Zoñán¹; Monte das Cargas¹. Pena das Airas¹. Marful/Marfull Castro de Arroxo¹. Orixe de tres irmáns fundadores de lugares Castro de Donalbai^{1/2}. Vilar de Conforto Campo da Matanza¹.

CELTAS: Altar dos celtas Pena do Fro¹. Bel (deus celta) Belesar¹. Fixeron castros Castro de Baroncelle¹. Viviron Castro de Xoibán².

COBRAS (SERPES): Pozo de Xan de Candia¹. Adormecen no inverno Pazo de San Sidro¹. Cantan Pazo de San Sidro¹. Comen: cacholas de nabo Pazo de San Sidro¹; polos Pazo de San Sidro¹. Con alas Pazo de San Sidro¹. Con cónchegas Pazo de San Sidro¹. Desencantada bicada na fronte Castro Morgadán¹. Despertan o día de San Marcos Pazo de San Sidro¹. Gardan tesouro: Castro Morgadán¹. Transformacións: de home encantado Prado do Costeiro¹, de señora encantada Porto do Cando¹.

COMPÀÑA: Luces Rego da Cal¹.

COVAS: Castro de Arroxo¹. Cova das Augas Santas¹. Covas de Castañedo¹. Covas de Chaos de Savane¹.

Pena Porreira¹. Penas do Bulleiro¹. Viven encantos Pena do Castelo¹.

CREGOS: Aollador Parga, San Breixo¹. Asasinado mísando Pazo de San Martín¹. Desterrado Casa Dabade¹.

CRUCEIROS: Cruceiro de Fromariz¹. Orixe: morte dun neno Cruceiro de Fontefría¹.

DEMO: Constructor Mosteiro de Samos¹. Demo coxo Samordás, Os¹.

ENCANTOS: Carreira de Vilarente¹. Ponte de Amorín^{1/2}. Asustan a xente Pilón das Pedras Brancas¹. Camiño por onde pasan branquea Corredoira Vella¹. Can con axóuxere no pescozo Fonte da Perdiz¹. Cegan muller que usa a súa untura Pena do Castelo¹. Con can Fonte do Xistral¹. Dan ouro a quen os desencanta Prado do Costeiro¹. Desaparecen sen desencantar Penas da Ponte Corval¹. Fan fume Leiras de Abaixo¹. Fan lume Fonte da Niveira¹. Fían Ponte Ferreiros¹. Muller (señora) peitándose: Fonte do Xistral¹, con peite de ouro Pozo do Encanto¹. Nunha fonte Fonte do Xistral¹. Poñen roupa a secar Penas da Ponte Corval¹. Ricos Pena do Xiro¹, Pilón das Pedras Brancas¹. Son gandeiros Penas da Ponte Corval¹. Teñen ama de cría humana Pena do Castelo¹. Teñen moito diñeiro e ouro Pena do Encanto da Egua Longa¹. Tocan: campaña Penas Pardas¹; gaita Corredoira Vella¹, Leiras de Abaixo¹, Fonte da Niveira¹, Pena do Xiro¹; música Fonte dos Caxigos¹, Fonte da Perdiz¹. Transformacións: galiña con pitos Fonte Pomorosa¹. Untura dos encantos Pena do Castelo¹. Viven en covas Pena do Castelo¹.

FERREIROS: Enterrado Muíños, Os¹.

FONTES: Fonte Cega¹. Fonte da Niveira¹. Fonte do Xistral¹. Fonte dos Caxigos¹. Fonte dos Golpes¹. Fonte Nova¹. Auga coma leite Fonte Cega¹. Encantos Fonte da Perdiz¹. Galiña con pitos: Castro de Gondaisque¹, Fonte Cega¹, Fonte Pomorosa¹.

GALIÑA: Con pitos negros, agás un branco Porto do Cando¹. Con pitos: Castro de Gondaisque¹, Fonte Cega¹, Fonte dos Golpes¹, Fonte Pomorosa¹, Penas da Ponte Corval^{1/2}, Porto do Cando¹. Con sete pitos Ponte Terrós¹. Pón ovos de ouro Castro da Igrexa¹.

GATOS: Enrodelanse nas pernas Cruceiro de Fromariz¹.

IGREXAS: Pazo de San Martín¹. Igrexa de Vilarente¹. Asolagada Trollo¹. San Martiño dos Cucos Igrexa de Vilarente¹.

LAGOAS: Lagoa de Cospeito¹.

LOBO: Albarda do seu pelello Agros, Os¹.

MALDICIÓNIS: De Deus, asolaga **Trollo**¹. De nai converte filla en pedra **Pena da Muller**¹. Dun señor, asolaga **Villaverde**¹.

MÁMOAS: **Capela dos Mouros**¹ (possible). **Ferroedo**¹. **Pena dos Mouros**¹. **Penas da Ponte Corval**¹. **Xoibán**¹ (possible). Dolmen (possible) desaparecido **Santo Estevo**¹.

MEIGAS: Fían lá branca **Ponte Ferreiros**¹.

MOSTEIROS: Samos Mosteiro de Samos¹.

MOURAS: Coxa **Castro Morgadán**¹. Fenden penas **Pena Bicuda**¹; **Pena da Bruxa**¹. Levan penas na cabeza **Pena da Bruxa**¹. Nenas mouras **Pena Bicuda**¹; **Pena da Bruxa**¹. Piden que as peiteen **Castro de Abuíme**¹. Piden que lles caten os piollos **Castro de Abuíme**¹. Vólvense cristiáns se se lles cuspe **Castro de Abuíme**¹.

MOUROS: **Castro de Belesar**¹, **Pena das Airas**¹. Acamaron **Costa dos Mouros**¹, **Pena dos Mouros**¹. As súas almas baixan das nubes: **Ferroedo**¹. Causan o trono: **Croa de Zoñán**¹, **Ferroedo**¹. Constrúen ou teñen capelas **Capela da Madanela**¹. Deixaron armas e tesouros **Torre de Baamonde**¹. Enterrados: **Ferroedo**¹. Enterran trabe de ouro **Castro da Igrexa**². Estatua de mouro sinala tesouro **Molmeán**¹. Fixeron castros **Castro de Baroncelle**¹. Perden en batalla **Castro da Igrexa**¹. Perden en batalla contra españois **Campo da Matanza**¹. Poñen trigo a curar **Pen das Airas**¹. Secuestran moza **Covas de Castañedo**¹; **Río de Piñeira**¹. Viviron (viven): **Campo da Matanza**¹, **Castro de Codesido**^{1/2}, **Croa de Zoñán**¹, **Ferroedo**¹. Xogan ós bolos **Croa de Zoñán**¹.

MUÍÑOS: Con trasno: **Muíño de Quende**¹, **Muíño de Rego da Cal**¹. Meso **Porto do Cando**¹.

NUBEIROS: Con coitelos: **Vilarente**¹; **Abeledo**¹. Con lanzas: **Vilarente**¹. Con martelo: **Xoibán**². En coiros: **Xoibán**². Esconjurados por un crego: **Vilarente**¹; **Abeledo**¹. Figura de home **Xoibán**². Libro para esconxuralos **Vilarente**¹; **Abeledo**¹. Tíranllés sola de zapato **Vilarente**¹.

OBXECTOS MÁXICOS: Campaña **Penas Pardas**¹. Coiteiros **Vilarente**¹. Escadas: **Castro de Baroncelle**¹; que une tres lugares **Igrexa de Vilarente**¹. Lanzas **Vilarente**¹. Libro de San Cipriano **Mosteiro de Samos**¹. Libro mal lido fai levitar **Xeada**¹. Libros: **Penagrande**¹; **Xeada**¹; **Vilarente**¹; **Abeledo**¹. Peite de ouro **Pozo do Encanto**¹. Roca do tamaño dun arado romano **Pena Bicuda**¹. Rosario de San Francisco **Ponte Ferreiros**¹. Xogo de bolos **Croa de Zoñán**¹.

ONOMÁSTICO: Albai **Castro de Donalbai**¹. Benjamín **Fonte dos Caxigos**¹. Calote de Casares **Castro Morgadán**¹. Carteiro de Lagoa **Alto da Corda**¹. Cura Antonianas **Abeledo**¹. Bel **Belesar**¹. Don Álvaro **Castro de**

Donalbai². Don Grandeu **Castro de Donalbai**². Don Senande **Castro de Donalbai**². Grandeu **Castro de Donalbai**¹. José Pedreira, (Pepe dos Agros) **Agros, Os**¹. Luaces de Labrada **Pozo de Xan de Candia**¹. Marco Antonio **Monte das Cargas**¹. Motete do Couto **Pazo de San Sidro**¹. Padre Vicente **Capela de San Paio**¹. Sabia de Albán **Castro Morgadán**¹. Sabia de Torbeo **Castro Morgadán**¹. Santiago **Pena da Ferradura**¹. Senén **Castro de Donalbai**¹. Urraca de Moscoso **Pazo de San Martín**¹. Xacinto de Candia **Pozo de Xan de Candia**¹. Xan de Candia **Pozo de Xan de Candia**¹. Xan do Cristo **Pozo de Xan de Candia**¹.

PAZOS: **Pazo de San Martín**¹. **Pazo de San Sidro**¹. San Martín de Arroxo **Casa Dabade**¹.

PEDRAS: **Pena Bicuda**¹; **Pena da Bruxa**¹; **Pena das Verrugas**¹; **Pena do Xiro**¹, **Pena Gradada**¹, **Pena Porreira**¹, **Pena que Fala**¹. **Penas Pardas**¹, **Pilón das Pedras Brancas**¹. Altar dos celtas **Pena do Fro**¹. Capela dos mouros **Pena dos Mouros**¹. Con encantos **Pena do Castelo**¹, **Pena do Xiro**¹, **Penas da Ponte Corval**^{1/2}, **Pilón das Pedras Brancas**¹. Con inscrición clave para tesouro **Castro da Igrexa**¹. Con pías **Pena das Verrugas**¹. Con tesouros **Castelo de Fanoi**¹, **Penas da Ponte Corval**^{1/2}. Curan verrugas **Pena das Verrugas**¹. Engulen persoas **Pena que Fala**¹. Falan **Masma**¹. Fendidas por unha moura **Pena Bicuda**¹; **Pena da Bruxa**¹. Gravuras: **Pena da Bruxa**¹. Petrificación dunha muller **Pena da Muller**¹. Rin: **Masma**². Transportada por fiadora na punta da roca **Pena Rozadora**¹. Transportada por vella na cabeza **Penas da Ponte Corval**³.

PEREGRINA: En forma de año **Pedralba**¹.

PONTES: **Ponte de Amorín**^{1/2}. **Ponte Ferreiros**¹. **Porto do Cando**¹. Galiña con pitos **Ponte Terrós**¹.

PORCOS: Cocha con oito ranchos **Cruceiro de Fromariz**¹.

POZOS: **Pozo do Encanto**¹. Peagos: **Pozo de Xan de Candia**¹, **Pozo do Real**¹.

RÍOS: Eume **Fonte do Xistral**¹.

RITOS: Contra encantos, bruxas e meigas **Ponte Ferreiros**¹. Covada **Castro de Xoibán**². Curacións: Tullidos **Cova das Augas Santas**¹. Curacións: Verrugas **Pena das Verrugas**¹. Desencantamento fracasado **Porto do Cando**¹, **Prado Costeiro**¹. Esconxuros: Treboada e nubeiros **Penagrande**¹; **Xeada**¹; **Vilarente**¹, **Abeledo**¹. Sacrificios **Pena Gradada**¹.

ROMANOS: Viviron **Monte das Cargas**¹.

SANTOS/AS: **San Cosme**¹. Fai chover o día do santo **San Cosme**². San Andrés de Teixido **Pena das Airas**¹. San

Cosme San Cosme^{1/2}. Santiago Pena da Ferradura¹. Trasládanse imaxes: Capela de San Paio¹, Cova das Augas Santas¹, Penas do Bulleiro¹.

SEÑORAS: Con can **Fonte do Xistral**¹. Encantada en pito branco **Porto do Cando**¹. Fan voar a persoas **Ponte de Amorín**¹. Fiadoras **Penas da Ponte Corval**², **Ponte de Amorín**^{1/2}. Nunha fonte **Fonte do Xistral**¹. Peiteándose **Fonte do Xistral**¹. Peiteándose con peite de prata **Penas da Ponte Corval**¹. Transportan penas: coa roca **Pena Rozadora**¹, na cabeza **Penas da Ponte Corval**¹.

TESOUROS: Ferroedo¹. Anunciado nun papel: Mato¹. Armas e tesouros dos mouros **Torre de Baamonde**¹. Barril de ouro **Castro de Xoibán**¹. Baúl cheo de riquezas **Castro de Belesar**¹. Boi **Castro de Baroncelle**¹. Carbón **Pena Porreira**¹. Dentro estatua mouro **Molmeán**¹. Descubridor perdo o pelo e faise rico **Pena do Encanto da Egua Longa**¹. Destapa: cabalo coa pata **Capela de San Antonio**¹; ovella coa pata **Veiga do concello**¹, touro cun corno **Castro de Xoibán**¹. Diamante **Pena Porreira**¹. Diñeiro: **Pena do Encanto da Egua Longa**¹. Encanto ofrece ouro **Prado do Costeiro**¹. Envoltos nun pano **Pena Porreira**¹. Escada de ouro: **Castro de Baroncelle**¹; **Monte das Cargas**¹. Galiña con pitos: **Porto do Cando**¹; **Fonte dos Golpes**¹. Hai tesouro onde soa a oco **Regueiro**¹. Na cara do sol **Castelo de Fanoi**¹. Ouro moído **Castro de Arroxo**¹. Ouro: **Capela de San Antonio**¹; **Castro de Arroxo**¹, **Pena do Encanto da Egua Longa**¹. Ovos de ouro **Castro da Igrexa**¹. Pelexo dun becerro cheo de ouro **Xoibán**¹. Pelexo dun boi mouro chea de ouro **Arca, A**¹. Pepitas de ouro **Monte das Cargas**¹. Silla de rei mouro **Castro Morgadán**¹. Tesoira de ouro **Castro de Ladra**¹. Trabes: ouro e prata **Castro Morgadán**¹; ouro **Castro da Igrexa**². ogo de bolos de ouro **Croa de Zoñán**¹.

TORRES: Torre de Baamonde¹.

TRABES: Tres (ouro, prata, alcatrán) **Castro Morgadán**¹.

TRASNOS: Cazoleiro **Cicallón**¹. Mexan pola xente **Cicallón**¹, **Muiño de Quende**¹. Mollan á xente **Nete**¹. Pican toxo **Fonte Nova**¹. Transformacións: de año **Cicallón**¹, **Muiño de Quende**¹, de neno **Muiño de Rego da Cal**¹.

TÚNELES: Pena do **Castelo**¹. Comunica: Castro con un rego **Castro de Codesido**¹; con San Andrés de Teixido **Pena das Airas**¹; torre con un rego **Torre de Baamonde**¹; tres castros **Castro de Ladra**¹. Para levar caballos a beber **Croa de Zoñán**¹.

VACAS: Con sete becerros **Cruceiro de Fromariz**¹.

VELLAS: Uñas longas e roupas brancas **Pena Porreira**¹.

XIGANTES: De ouro **Castro Morgadán**¹.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

Alumnos do Colexio Público de Xermade, Xermade, o meu pobo, Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, Pontevedra 1994.

Carnero, O., Cuba, X., Reigosa, A. e Salvador, M.; *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances*. Deputación provincial de Lugo, 1998.

Cuba X. R., Miranda, X. e Reigosa, A.; *Diccionario dos seres míticos de Galicia*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, (en prensa).

Coira Sanjurjo, José M^a, "Apuntes inéditos sobre a historia de Friol", depositados no Museo Provincial de Lugo.

Lence-Santar y Gutián, E.; "Folklore gallego" en *Mondoñedo*, 10-9-1944.

Lence-Santar y Gutián, E.; "Folklore gallego" en *Mondoñedo*, 15-4-1945.

Martínez Fernández de la Vega, H., *El Progreso*, 28-3-1965.

Nós, Boletín mensual da cultura galega, Órgao da Sociedade «Nós», nº 2, p. 16, 30-10-1920.

Pernas Bermúdez, M^a Carmen, "Unha cita obrigada para os amantes da Prehistoria" en *El Progreso*, 21-8-1997, p. XX, suplemento especial "Vilalba".

Risco, V.; "Da mitoloxía popular galega. Os mouros encantados", en Nós, nº 43, 25-7-1927.

Seminario D'Estudos Galegos. Sección de Prehistoria, "Catálogo dos castros galegos", en Nós, nº 47, 15-X-1927.

NOTAS

¹ Para unha maior información sobre os seres míticos que aparecen neste traballo remitimos a Cuba, X.R., Miranda, X. E Reigosa, A.; *Diccionario dos seres míticos de Galicia*, Edicións Xerais de Galicia , Vigo (en prensa).

² O Equipo Chairea está integrado desde os seus comezos en 1992 por Ofelia Carnero Vázquez, Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, Antonio Reigosa Carreiras e Mercedes Salvador Castañer.